

## **“FINANZAS PARA MORTAIS” Programas Eduemprende. Curso 2021/2022.**

Programa enmarcado dentro do Convenio de colaboración establecido entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, o Banco Santander e UCEIF (Fundación de la Universidad de Cantabria para el estudio y la investigación del sector financeiro) para o establecemento dun marco de actuación conxunta en favor do desenvolvemento do espírito emprendedor no marco do Plan de Emprendemento no Sistema Educativo Eduemprende.

### **OBXECTIVOS**

Esta convocatoria ten por obxecto fomentar o emprendemento e a cultura financeira no sistema educativo non universitario como motores da innovación, a competitividade e o crecemento da economía.

### **DESTINATARIOS**

Esta convocatoria vai dirixida ao alumnado de 3º e 4º da ESO, 1º e 2º de Bacharelato e ciclos formativos de Formación Profesional dos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

### **ACTIVIDADES**

Neste programa o alumnado poderá participar en:

- Sesións formativas presenciais, que consistirán en talleres e charlas organizadas impartidas por persoal voluntario do Banco de Santander que se desenvolverán en dúas sesións de hora e media e serán impartidas en diferentes días. No anexo V figuran catro opcións formativas e o alumnado ao que van dirixidas.

O material relativo a estas opcións formativas subirase á páxina web da Consellería no enderezo: <http://www.edu.xunta.gal/fp/eduemprende-finanzas-para-mortais-2021-2022>.

- Unha actividade de voluntariado para incorporarse como voluntarios/as ás actividades descritas no apartado anterior. Previamente o alumnado recibirá a formación necesaria para esta práctica. Esta formación desenvolverase nunha sesión de 3 horas. No anexo IV detállase esta actividade e o alumnado ao que vai dirixido.

## SOLICITUDES

As solicitudes enviaranse a [solicitudes.eduemprende@edu.xunta.gal](mailto:solicitudes.eduemprende@edu.xunta.gal) co seguinte asunto: "*Solicitud programa Finanzas para Mortais 2021/2022*", desde a conta de correo corporativa do centro conforme os anexos I ou II (segundo o tipo de actividades detalladas nos Anexos IV e V).

Para a solicitude das sesións formativas cada centro poderá presentar unha solicitude por grupo e opción formativa. Para que estas sesións de formación sexan de aproveitamento óptimo para o alumnado, o número máximo de participantes será de 30. É necesario que o alumnado que queira participar no programa de voluntariado complete os datos e asine o Anexo III que se achegará á solicitude (Anexo II).

O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Portal Educativo: <https://www.edu.xunta.gal/portal/>.

## SELECCIÓN DOS CENTROS

Adxudicarase unha sesión formativa por centro. O número máximo de alumnos/as é de 30 por sesión.

Non hai límite de centros participantes, todos os centros que remitan a solicitude en tempo e forma serán admitidos nesta actividade.

## TEMPORALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

As actividades formativas, realizaranse os luns, mércores e xoves de xaneiro a maio en dúas sesións de hora e media, a impartir en dous días distintos. O horario da formación pode ser de 10:00 a 11:30 ou de 11:30 a 13:00, suxeitos a modificación por

acordo entre o centro e os voluntarios do Santander que impartirán a formación. O programa comezará a desenvolverse a partir do mes de xaneiro de 2022 e rematará no mes de xuño, antes do remate do curso escolar 2021-2022.

A actividade de formación do voluntariado, incluída no programa, realizarase o principio do febreiro de 2022 nunha única xornada en horario de mañá.